Concello de Cedeira Tlfno: 981 480 000- fax: 981 482 506 | correo@cedeira.es
Rúa Real,15 | 15350 Cedeira - A Coruña

BANDO

Normas para as fogueiras da noite de San Xoán / San Pedro

1. As solicitudes de autorización de fogueiras na noite de San Xoan e/ou San Pedro deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou na sede do Concello (sede.cedeira.gal) desde o día 14 de xuño ata o 18 de xuño de 2021 ás 14:00 horas. O/a solicitante deberá recoller a pertinente autorización no Concello a partir do 22 de xuño de 2021, e deberá tela no lugar da fogueira a efectos de identificación polas FCSE, Policía Local, ou Protección Civil.
2. A fogueira non superará en altura nin diámetro os 4 metros. O combustible empregado para queimar será de tipo vexetal. Queda prohibido queimar neumáticos, plásticos,calquera material inflamable (gasolina, aceite, sprays...) e calquera sustancia que ó arder desprenda fume tóxico. Está prohibido o acopio e apilamento de materiales antes das 48 horas previas o encendido.
3. A fogueira deberá queimarse nun lugar despexado no que nin as laparadas nin as chispas poidan alcanzar as árbores, debendo gardarse un perímetro libre de combustibles (árbores, matorrais, vexetación) de 10 metros - desbrozando se fose necesario esta zona - e de igual forma de 10 metros a edificios, medido dende o borde da luminaria.
4. Non poderán facerse fogueiras en espazos públicos, nin na zona de praia ou dunas, nin nas vías ou zonas asfaltadas.
5. Non se poden realizar fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, debendo manterse a mínima distancia ás instalacións aéreas de 10 m. (medida dende a vertical do borde da luminaria).
6. Non se poden realizar fogueiras no entorno de ningún local ou depósito onde se almacenen productos inflamables nin en xeral preto de calquera infraestrutura ou elemento público ou privado que poida verse afectado negativamente polas consecuencias da fogueira.
7. Disporase de medios de extinción suficientes (auga, extintor, terra, area, etc). Disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios especialmente equipado para queimaduras.
8. Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente si o vento e forte e desfavorable. Non poderá realizarse a fogueira si se dan as condicións idóneas para a producción de incendios (vento>30km/h, temperatura>30º, humidade<30º). En ubicacións situadas a menos de 400 mt de zonas forestais deberá consultarse o índice IRDI accesible en https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi e si este e desfavorable non podrá realizarse a fogueira. Tampouco si existe prohibición expresa debido as condicións meteorolóxicas dictadas pola Consellería competente.
9. Cando a festa finalice ou a fogueira esté consumida, a persoa responsable asegurarase de que non queden lapas ou brasas prendidas, apagandoa totalmente con auga ou cubrindoa con área ou terra. O/A solicitante deberá proceder á limpeza da zona afectada e recollida do lixounha vez rematada a actividade autorizada.
10. A responsabilidade dos danos e desperfectos causados na súa propiedade, fincas colindantes e outros efectos, así como de que unha vez finalizada a festa queden apagadas totalmente as cinzas, será exclusivamente do/da solicitante.

Os participantes deberán respetar a normativa Covid-19, no referente ó uso da mascarilla, distancia social, número máximo de persoas que poden xuntarse, e demáis normativa.

Si a pesar de ter adoptado todas as medidas de prevención, producese un incendio, chame inmediatamente o teléfono de emerxencias CIAE 112 e facilite a localización do incendio.

Esta alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños e veciñas para o bo desenvolvemento da festa da noite de San Xoán / San Pedro.

Cedeira, 9 de xuño de 2021
O alcalde,
Pablo Diego Moreda Gil